

*Programa de acollida
do*

CEIPCOUTADA- BEADE

Curso 2020/2021

Este documento está elaborado en base ás **Instrucións do 30 de xullo 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un **Programa de acollida** que será presentado ao Consello Escolar do centro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

O Equipo Directivo procedeu á súa elaboración e preséntao á comunidade educativa na data abaixo indicada para que se realicen as achegas previamente á celebración do Consello Escolar no que se tratará a súa aprobación.

Data de presentación ao Consello Escolar:	29/08/20
Data de aprobación polo Consello Escolar:	01/09/20
Data de presentación ao Claustro:	29/08/20
Data de aprobación polo Claustro:	01/09/20



Índice

a) <u>Novas normas de organización e funcionamento</u>	4
b) <u>Actuacións de prevención, hixiene e protección</u>	6
c) <u>Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial</u>	9
d) <u>Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión</u>	10

a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio.

Neste cadro/resumo reflectimos as máis salientables:

Tema	Modificación
Horario de entrada	<p>Educación Primaria: Apertura das portas de 8:50 a 9:00. Queda prohibido que os adultos acompañen os nenos/as ó interior do centro, deixaranos nas portas e haberá un mestre de garda encargado do seu acceso. Sempre con máscara.</p> <p>Educación infantil: apertura das portas de 8:50 a 9:00 horas. Só poderá acompañar un adulto ao menor, sempre con máscara e mantendo a distancia de seguridade.</p>
Horario de saída	<p>Ed. infantil: 13:45h</p> <p>1º e 2º de E.P: 13:50h</p> <p>3º e 4º de E.P: 13:55h</p> <p>5º e 6º de primaria:14:00h</p> <p>Non poderán acceder acompañantes na saída agás no caso de Ed. Infantil (soamente un responsable por alumno/a), sempre respectando os horarios para non ter aglomeracións, empregando sempre máscara de seguridade e mantendo a distancia social.</p> <p>Será o mestre/a que imparta a última sesión o responsable de facer a saída á hora prevista.</p>
Horario de recreo	<p>Infantil: de 11:30 a 12:00h, no patio cuberto facendo tres zonas e con dous mestres/as de garda.</p> <p>Primaria: de 11:30h a 12:00h, realizarase unha única quenda, posto que o patio do noso centro conta cunha gran extensión de terreo, o cal nos permite manter ó alumnado separado en grupos de convivencia. Haberá catro mestres/as de garda, un por cada zona.</p>

Espazo de recreo	<p>Educación infantil: Patio cuberto, con tres zonas diferenciadas e dous mestres/as de garda.</p> <p>Educación primaria: Catro zonas: zona do chalé e arredores, zona patio de baloncesto, zona patio de fútbol, zona entrada de Ed. Primaria..</p>
Gardas de entrada	<p>Haberá catro mestres de garda nas entradas. A función é supervisar o acceso do alumnado e comprobar que realiza as rutinas previas ao inicio da xornada lectiva. A súa ubicación é a seguinte.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Un mestre de garda na porta de acceso principal e outro na porta da zona superior ao centro desinfectando con xel hidroalcohólico - Un mestre de garda nas filas de E.P e outro na zona de E.I, facendo a vixilancia dos alumnos/as e comprobando que os alumnos respecten a distancia social.
Acompañamento do alumnado	<p>Limitase a un acompañante por alumno no recinto escolar, na entrada o alumnado de EP non terá acompañante posta que haberá mestres/as encargados da súa vixilancia, en E.I debido ás necesidades dos nenos/as pola súa idade permítese o acceso dun acompañante tanto na entrada como na saída. Na saída en E.P non se permite acompañante, serán os mestres/as os que entreguen ó alumnado.</p>
Titorías	<p>Preferentemente telemáticas, aínda que se permiten as presenciais coas normas de seguridade reflectidas no plan de actuación. Serán os martes de 16:00 a 17:00 horas.</p>
Biblioteca	<p>Haberá un horario por grupo de convivencia para o acceso á biblioteca. Sempre coa máscara, coa supervisión dun mestre/a e facendo a desinfección á entrada e saída.</p>
Aula de informática	<p>Haberá un horario por grupo de convivencia para o acceso á aula de informática. Sempre usando máscara e desinfectando mans, teclado e rato tanto ó iniciar como ó rematar a sesión.</p>
Uso de aseos	<p>Restrínxese o aforo a unha persoa, para o que se empregarán sinais visuais, cada grupo de convivencia terá adxudicado un aseo.</p>
Circulación polo centro	<p>Ocupando sempre a parte dereita do corredor e respectando as quendas de circulación.</p> <p>Seguiranse as sinalizacións de diferentes formas e cores, así coma os carteis pegados nos chan, paredes e portas.</p>
Actividades internivelares	<p>Debido á organización en grupos de convivencia estable, non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferente nivel.</p>

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso reunións por nivel coas familias.

Estas reunións poderán levarse a cabo de xeito telemático ou presencial dependendo do titor/a, se este decide que se levará a cabo de xeito presencial debemos ter en conta as seguintes medidas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.

As datas e horas para cada nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

Nivel	Data	Hora
3 anos	07/09/2020	11h
4 anos	07/09/2020	12h
5 anos	07/09/2020	12h
1º de primaria	07/09/2020	13h
2º de primaria	08/09/2020	10h
3º de primaria	08/09/2020	11h
4º de primaria	08/09/2020	12h
5º de primaria	09/09/2020	12h
6º de primaria	09/09/2020	13h

b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Prevención:

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:
 - Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
 - Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
 - Establecer quendas de recreo.
 - Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
 - Regular o acceso aos aseos
- Distancia social:
 - Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
 - Evitar situacións de contacto físico.
- Responsabilidade individual:
 - O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa COVID.
 - As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa COVID; para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:
 - Reforzar o servizo de limpeza contando con servizo de limpeza pola mañá.
 - Realizar desinfeccións dos aseos.
 - Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
 - Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
 - Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.
- Hixiene persoal:
 - Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
 - Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cúbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
 - Aprender a manipular correctamente as máscaras.

- Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel. Pode parecer unha medida de “descarga de responsabilidade” ou “abandono de funcións”, pero é todo o contrario, supón un exercicio de educación cívica e respecto.
 - Exemplo: antes de usar un ordenador, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e rato, acción que debo repetir cando finalice o seu uso.
- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exige da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.
 - Exemplo: a mesa, como espazo de traballo propio, pode ser receptora de gotículas e o feito de pasar un pano con xel axuda a manter limpa e desinfectada esa zona de contacto case permanente. Como se indica no parágrafo anterior, isto non elimina a limpeza que poida realizar o persoal de limpeza.
- Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas. Resultaría inadmisíbel que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar, é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, non deixar cousas polo chan. ..Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:

- Xel hidroalcohólico: en todas as aulas e espazos comúns
- Xabón: nos aseos.
- Botiquíns en puntos concretos do centro.
- Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
- Solución desinfectante: nas aulas

Protección:

- Uso de máscara:

- Uso obrigatorio para todo o profesorado.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas.
- Uso obrigatorio para todo o alumnado de infantil dentro das aulas o maior número de horas posibles, atendendo á flexibilización da idade e características do alumnado.

- Pantallas:

- Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.
- Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (o gafas de protección ocular).



- Mamparas:

- Para realizar trámites coas familias instalouse unha na Entrada principal do Edificio administrativo.
- Nas aulas de PT, AL e unha aula de inglés, nas que se empregarán para a realización de tarefas que o requiran.

c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

No mes de marzo a interrupción abrupta das clases presenciais supuxo poñer en marcha en moi pouco tempo toda a maquinaria da aula virtual e a formación básica de usuarios. Aínda que o resultado foi máis que digno, grazas ao esforzo de profesorado e familias, é necesario comezar o curso 20/21 cunha serie de accións que faciliten e emprego deste recurso, independentemente de que se poidan retomar as sesións virtuais ou non. Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, a alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- **Acceso á aula virtual** (de infantil a 6º de primaria).
- **Envío de tarefas** a través da aula virtual.
- Xestión da súa **conta de correo electrónico** e funcionalidades básicas da conta -nube, vídeo, documentos.
- Envío de **mensaxes por vía interna** da aula virtual.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- Aplicación **Abalarmóbil**, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado
- **Correo electrónico**: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa.
- **Teléfono**: comunicación directa e inmediata, existen dúas liñas, o 886111196.

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TICs.

O primeiro mes de curso pode ser un “laboratorio” interesante para poñer a proba un **modelo de ensino mixto**. O alumnado pode facer tarefas de reforzo e ampliación na súa casa a través do ensino virtual ou ben acceder a información (vídeos, pequenos textos) que despois se empreguen nas sesións presenciais.



Entre as vantaxes está reducir o tránsito de material entre o centro educativo e as casas e, deste xeito, alixear as mochilas que leva o alumnado.

Isto permitiría tamén afrontar con máis garantías un escenario de semipresencialidade nas aulas e abrir o abano de posibilidades educativas e formativas do alumnado.

d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades en grupo de acollida e cohesión.

- Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgraza, tamén ao colexio. Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder amosar parte das nosas facianas.
- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo, senón apoialo/a e coidalo/a emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.
- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas



restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.

- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.